BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

LUNS, 2 DE MARZO DE 2020 N.º 050

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 10 de febreiro de 2020, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 6º bimestre do exercicio 2019, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 11 de febreiro ata o 17 de marzo de 2020.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 10 de febreiro do 2020.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0466

GUITIRIZ

Anuncio

BASES DO V PREMIO XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO DE POESÍA

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Guitiriz de data 19/02/2020 aprobáronse as bases e a convocatoria do "V Premio Xosé María Díaz Castro de Poesía".

Poderán concorrer a este certame as poetas e os poetas que o desexen, cos seus poemas escritos en lingua galega, segundo a normativa vixente da Real Academia Galega. A dotación do premio será de 2.000,00 euros. O prazo de presentación das obras remata o día 31 de marzo de 2020. As bases íntegras están publicadas na páxina web municipal (www.concellodeguiriz.com) e na sede electrónica do Concello de Guitiriz.

O que se publica aos efectos oportunos.

Guitiriz, 22 de febreiro de 2020.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0467

Anuncio publicado en: Num BOP 50 año 2020 (02/03/2020 08:00:00)

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día doce de febreiro de dous mil vinte, adoptou, entre outros o acordo 10/57 **NOMEAMENTO DE DON CÉSAR JOSÉ CASTIÑEIRA MUÍÑA COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, PARA DESEMPEÑAR A PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO A (SUBGRUPO A1); ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: TÉCNICA; CLASE: SUPERIOR**, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

"PRIMEIRO.- Nomear a don César José Castiñeira Muíña como funcionario de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (grupo de titulación: grupo A (subgrupo A1); escala: administración especial; subescala: técnica; clase: superior).

SEGUNDO.- Notificarlle o acordado ao interesado coa advertencia que deberá tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

TERCEIRO.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que este acto pon fin á vía administrativa e que contra el se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación deste acordo.

- Recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación deste acordo, ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente."

Lugo, 18 de febreiro de 2020.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0488

MONDOÑEDO

Anuncio

EXPOSICION O PUBLICO E RECADACION DE IMPOSTOS

A Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión do 24 de Febreiro aprobou o Padrón **da TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 1º BIMESTRE DO 2020.**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formularen as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de Marzo ó 30 de Abril, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excma. Diputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 24 de febreiro de 2020.- O Tte. Alcalde, Manuel A.Otero Legide

R. 0468

Anuncio publicado en: Num BOP 50 año 2020 (02/03/2020 08:00:00)

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓNS TAXA POLO ABASTACEMENTO DE AUGA, TAXA REDE DE SUMIDOIROS e canon auga XANEIRO- FEBREIRO 2020 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 24.02.2020 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do primeiro bimestre 2020 (XANEIRO- FEBREIRO).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 28.02.2020 ata o 28.04.2020.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.

2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.

3) A través da páxina web *www.aqualia.es.*

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 24 de febreiro de 2020.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 0469

TRABADA

Anuncio

INFORMACION PÚBLICA

Por Decreto da Alcaldía de 20 de febreiro de 2020, prestouse aprobación inicial da Taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao (6º bimestre do ano 2019), exponse ao público polo prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P de Lugo.

Recurso: Contra o decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interporse recurso de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do periodo de exposición ao público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Alcaldía do Concello de Trabada.

Anuncio publicado en: Num BOP 50 año 2020 (02/03/2020 08:00:00)

Contra a resolución expresa ou presenta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurísdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como periodo de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 21 de febreiro de 2020 ata 21 de abril de 2020. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento , cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria,a a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma.Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación , nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Trabada, 20 de febreiro de 2020.- A Alcaldesa, Mayra Garcia Bermúdez.

R. 0470

O VICEDO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 20 de decembro de 2019, aprobou as bases reguladoras da convocatoria do proceso selectivo de un funcionario de carreira, mediante concurso-oposición, para acceder a unha praza vacante de operario de servizos múltiples do Concello do Vicedo (OEP/16).

O Vicedo, 24 de febreiro de 2020.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN FUNCIONARIO DE CARREIRA, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA ACCEDER A UNHA PRAZA VACANTE DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES DO CONCELLO DO VICEDO

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria

É obxecto das presentes bases a regulación da convocatoria do proceso selectivo de unha (1) praza vacante de **operario de servizos múltiples**, encadrada na escala de administración especial, subescala de servizos especiais, asimilado ao grupo E, para a súa cobertura en propiedade mediante o sistema de concurso-oposición, incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2016, de acordo co Texto Refundido do Estatuto básico do empregado público.

SEGUNDA. Normativa aplicable

A normativa aplicable ó dito proceso selectivo atópase especialmente prevista en:

Artigo 103 da Constitución Española; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, que aproba o Texto Refundido do Estatuto básico do empregado público; Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública; Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios da Administración Local; Lei 50/1998, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e do orde social; Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de 20 de marzo de 1991, e supletoriamente o Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

TERCEIRA. Sistema de selección.

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición.

CUARTA. Funcións do posto.

As funcións do posto son as propias dun operario de servizos múltiples:

- Cumprir as ordes da Alcaldía e do director dos servizos

Anuncio publicado en: Num BOP 50 año 2020 (02/03/2020 08:00:00)

- Permanecer nas oficinas municipais durante a xornada laboral, de non ter asignada outra función fora da Casa Consistorial
- Practicar notificacións e citacións que se lle encomenden.
- Pór en funcionamento a calefacción das oficinas e dependencias onde vai a prestar os servizos coa antelación suficiente á apertura das mesmas.
- Atender á conservación e reparación dos edificios onde preste os servizos, así como realizar a vixilancia policial e de orde público que se lle encomende, que non estean en oposición coas características peculiares do cargo, e atender ás necesidades do mercadillo semanal.
- Conducir os vehículos que poidan existir no Concello do Vicedo.
- Atender á conservación e reparación do alumeado público, depuradora de augas, redes de abastecemento e servizos, lectura de contadores de auga e cobramento de recibos municipais e taxas se houber lugar.
- Atender á conserxería do CEIP do Vicedo.

QUINTA. Requisitos das persoas aspirantes

Para participar nas probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe de español e de nacional doutros estados membros da Unión Europea, e o de nacional dalgún Estado ó cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión dos títulos esixidos na convocatoria.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.

d) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

A condición de persoa con discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. As persoas aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

e) Non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

f) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou certificado de estudos primarios ou equivalente.

g) Estar en posesión do carné de conducir tipo C

h) Certificado negativo do rexistro central de delincuentes sexuais.

SEXTA. Dereitos de exame.

Os dereitos de exame fíxanse en 50,00 euros.

SÉTIMA. Presentación de instancias

A instancia solicitando participar no proceso selectivo, dirixirase ao Sr. Alcalde do Concello do Vicedo. Presentarase, debidamente cuberta, no Rexistro Xeral do Concello no modelo oficial que figura como Anexo II desta convocatoria, e que se facilitará no Rexistro Xeral municipal e na páxina web do concello, achegando a documentación solicitada, no prazo de vinte (20) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE); ou por calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Nos supostos previstos nos apartados b), c) d) e e) do artigo 16.4, as persoas aspirantes deberán comunicalo ao concello mediante telegrama ou telefax (982 590 001) ou no correo electrónico"concello@concellodovicedo.org", remitindo copia completa da solicitude rexistrada, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Anuncio publicado en: Num BOP 50 año 2020 (02/03/2020 08:00:00)

Á solicitude debidamente cuberta, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

a) Fotocopia compulsada do DNI ou NIE.

Ademais, as persoas aspirantes estranxeiras deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ó cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

E, así mesmo, os familiares das anteriores deberán presentar ademais fotocopia compulsada dun documento que acredite esta condición.

b) Fotocopia compulsada da titulación requirida para o acceso ó posto.

c) Declaración responsable na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 5, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

Así mesmo, as persoas aspirantes comprométense, no caso de ser propostas para o correspondente nomeamento, a prestar xuramento ou promesa de acordo co que determina o Real decreto 707/1979, do 5 de abril.

d) Relación dos méritos que aleguen as persoas aspirantes pola orde que se establece na correspondente convocatoria, achegando á dita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas).

e) Xustificante acreditativo do aboamento de pago dos dereitos de exame, na contía que se fixa na convocatoria. O pagamento efectuarase na conta bancaria da entidade "BANCO SANTANDER" corresponsalía do Vicedo, a nome deste Concello, co IBAN ES 31 0049 6648 97 2690000444. Deberá expresarse con claridade os datos da persoa aspirante a quen corresponde o ingreso e a convocatoria á que se atribúe o pagamento.

Os dereitos de exame só serán devoltos ás solicitudes que non fose admitidas nas probas selectivas por non reunir os requisitos esixidos na convocatoria.

OITAVA. Admisión de persoas aspirantes, data e lugar de celebración das probas

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de un mes, pola que declarará aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

A dita resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia e no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello. Na publicación farase constar, apelidos, nome e número do DNI/NIE, así como, se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

As persoas aspirantes excluídas ou omitidas nas ditas relacións disporán dun prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/2015. Se no dito prazo non se emendan os defectos serán definitivamente excluídas da realización das probas.

En todo caso, co obxecto de evitar erros e, no suposto de producirse, posibilitar a súa emenda no tempo e na forma, as persoas aspirantes comprobarán se os seus datos figuran recollidos correctamente na correspondente relación de persoas admitidas.

No caso de non presentarse alegacións ou emendas á lista provisional, elevarase a definitiva.

A resolución pola que se aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas será definitiva no caso de non haber persoas excluídas.

A resolución pola que se aproba a lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional, determinando así mesmo lugar, data e hora de comezo das probas selectivas e composición do tribunal, e será determinante dos prazos a efectos de posibles impugnacións ou recursos.

NOVENA. Tribunal cualificador

O tribunal cualificador do proceso selectivo designarase de conformidade co sinalado no artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro que aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e artigo 11 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, debendo estar integrado polo menos por cinco membros titulares cos seus correspondentes suplentes, incluidos a presidencia e a secretaría.

A designación nominal dos membros do tribunal incluirá a dos respectivos suplentes e publicarase, como mínimo, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Editos do Concello do Vicedo, xunto coa publicación da relación definitiva de persoas admitidas.

Todos os membros do tribunal deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza que se convoca.

A súa composición axustarase os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Anuncio publicado en: Num BOP 50 año 2020 (02/03/2020 08:00:00)

Non poderá constituírse nin actuar o tribunal sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, debendo estar presentes as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría en todo caso.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, que colaborarán co órgano de selección unicamente no exercicio das súas especialidades técnicas, tendo voz pero non voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector público. Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando se deran calquera das citadas circunstancias.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que estabelece o núm. 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

DÉCIMA. Comezo e desenvolvemento das probas selectivas e programa.

As probas non darán comezo ata transcorridos dous meses, como mínimo, dende a data de publicación do anuncio resumido no B.O.E.

Unha vez comezadas as probas selectivas, non será obrigatoria a publicación da celebración dos sucesivos exercicios no Boletín Oficial da Provincia, senón que será suficiente coa súa exposición no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídas da oposición as que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificados e libremente valorados polo tribunal. As razóns ou probas xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Non obstante o anterior, as mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente primeiros días de puerperio, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames previstos nas probas selectivas, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse como mínimo 48 horas logo do anuncio da data do exame. A citada notificación leva consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal decidirá en cada caso, sobre a base da información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso respecto das decisións do tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditaren a súa personalidade.

Os exercicios escritos poderán ser lidos publicamente, se así o acordase o tribunal, podendo este dialogar ca persoa aspirante coa fin de determinar os seus coñecementos sobre o contido do exposto. As cualificacións dos aspirantes aprobados en cada unha das probas, serán publicadas no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

Desde a total conclusión dunha proba ata o comezo da seguinte, deberá transcorrer un prazo mínimo de corenta e oito (48) horas e máximo de corenta (40) días naturais.

De cada sesión que celebre o tribunal redactarase unha acta pola/o secretaria/o do mesmo na que se farán constar as cualificacións dos exercicios das persoas aspirantes, así como as incidencias que se produzan.

UNDÉCIMA . Sistema de selección e cualificación dos exercicios

O sistema de selección será o de concurso-oposición, no que na fase de concurso, se valorará, entre outros méritos, a experiencia no posto de traballo obxecto desta convocatoria, de acordo co Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro e co artigo 39 da Lei 50/1998, de 30 de decembro.

11.1.- Fase de concurso.

A fase de concurso, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición, e outorgaranse e faranse públicas tan só para as persoas aspirantes que superaran todas as probas do proceso, tras a realización e valoración das mesmas. O tribunal non poderá valorar o non alegado e probado polas persoas aspirantes nos documentos achegados no momento de presentaren a solicitude para admisión ás

Anuncio publicado en: Num BOP 50 año 2020 (02/03/2020 08:00:00)

probas selectivas, sen que sexa admisible a concesión de prazo para emendar a falta de alegacións ou de proba de méritos.

A fase de concurso, non terá carácter eliminatorio, nin a puntuación obtida nela poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

Valoraranse os seguintes méritos:

a) Experiencia en traballos de actividades semellantes (ata un máximo de 6 puntos).

Por servizos prestados realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado:

— Na Administración Pública, ata un máximo de 6 puntos: 0,20 puntos por mes.

— Na empresa privada, ata un máximo de 6 puntos: 0,10 puntos por mes.

Os servizos prestados acreditaranse, acompañando á instancia para tomar parte no concurso, informe oficial da vida laboral actualizado máis copia compulsada do contrato de traballo no que consten as tarefas realizadas, e IAE (copia compulsada) no caso de traballadores/as autónomos/as. No caso de servizos prestados na Administración Pública, deberán presentar ademais certificado orixinal ou copia compulsada de servizos prestados expedido por dita Administración.

b) Formación e Perfeccionamento Profesional (ata un máximo de 4 puntos).

Só se terán en conta os cursos de 20 ou máis horas, que foran impartidos ou organizados por Entidades ou Organismos Públicos, ou homologados por estes. E acreditaranse coa instancia mediante fotocopia compulsada.

— Por cada curso de 20 a 99 horas de materia relacionada coa área de coñecementos da praza, 0,001 puntos/hora (máx. 500 h), ata un máximo de 0,5 puntos.

— Por cada curso de 100-180 horas de materia relacionada coa área de coñecementos da praza, 0,003 puntos/hora (máx. 500 h), ata un máximo de 1,5 puntos.

— Por cada curso superior a 180 horas, de materia relacionada coa área de coñecementos da praza, 0,004 puntos/hora (máx. 500 h), ata un máximo de 2 puntos.

c) Cursos de coñecemento do idioma galego:

- CELGA 2 ou equivalente: 1,00 punto

A puntuación global máxima neste apartado non poderá exceder de 1 punto.

As persoas aspirantes presentarán conxuntamente coa instancia para tomar parte no proceso selectivo unha relación dos méritos que aleguen.

Á dita relación acompañaranse os documentos xustificativos dos mesmos, orixinais ou fotocopias compulsadas, pois non se terán en conta, nin se valorarán aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación das instancias.

A experiencia profesional acreditarase coa certificación de servizos prestados da administración pública correspondente, na que claramente consten as datas concretas de prestación de servizos, a denominación do posto de traballo e na que se poda comprobar que as funcións ou tarefas realizadas correspondese coa praza convocada.

A puntuación máxima que se pode alcanzar nesta fase de concurso será a de 11 puntos por todos os méritos valorables.

11.2.- Fase de oposición.

A fase de oposición constará de dous exercicios obrigatorios e eliminatorios e un terceiro de carácter obrigatorio e non eliminatorio e serán os seguintes:

PRIMEIRO EXERCICIO. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá no desenvolvemento, por escrito, de un tema, entre dous propostos polo Tribunal Cualificador, elixidos por sorteo, entre os que figuran no anexo I ás presente bases. O tempo máximo de realización da proba será de sesenta (60) minutos.

A puntuación máxima deste exercicio será de 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de cinco puntos para pasar ó exercicio práctico.

SEGUNDO EXERCICIO. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba práctica, proposta polo tribunal e relacionado coas funcións do posto de traballo, no tempo que determine o tribunal, que permita valorar a aplicación dos coñecementos e capacidades dos/as aspirantes. Cunha puntuación máxima de 10 puntos. É necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Ao remate das probas da fase de oposición e rematada a corrección das mesmas, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes e as cualificacións obtidas.

Anuncio publicado en: Num BOP 50 año 2020 (02/03/2020 08:00:00)

TERCEIRO EXERCICIO. De carácter obrigatorio e non eliminatorio para aqueles/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega no prazo de presentación de instancias. Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, coa tradución dun texto do castelán ao galego durante un tempo máximo de 30 minutos. O tribunal poderá establecer, ou non, a lectura pública do texto que será comunicado antes da realización do exame. A proba cualificarase de apto/a-non apto/a.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título do CELGA 2 ou equivalente homologado de acordo co grupo de titulación do posto, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

As persoas aspirantes poderán realizar os exercicios, á súa elección, en calquera das linguas oficiais de Galicia.

DUODÉCIMA. Cualificación do concurso-oposición.

O primeiro exercicio da fase de oposición será cualificado ata un máximo de dez (10) puntos, sendo eliminados as persoas opositoras que non acaden un mínimo de cinco (5) puntos.

O segundo exercicio da fase de oposición será cualificado ata un máximo de dez (10) puntos, sendo eliminados as persoas opositoras que non acaden un mínimo de cinco (5) puntos.

O número de puntos que outorgará cada membro do tribunal, no exercicio teórico e práctico dos exercicios, será de 0 ata o máximo de dez (10) puntos que se poida outorgar ás persoas aspirantes, constituíndo a nota final a media das valoracións de todos os membros do tribunal.

A puntuación final virá determinada pola suma da puntuación obtida na proba teórica, na proba práctica, e na proba de galego. Aos efectos da súa notificación colectiva publicarase un Anuncio no Taboleiro de Edictos da Corporación, indicando a puntuación obtida por cada un dos/as aspirantes en cada unha das fases e probas, así como a suma das mesmas.

Á puntuación da fase de oposición, sumarase a puntuación obtida na fase de concurso.

En caso de empate na puntuación final, resolverase o mesmo en favor da persoa aspirante que obtivese maior puntuación na proba práctica.

DÉCIMO TERCEIRA. Relación de persoas aprobadas

O resultado final do concurso-oposición virá determinado pola suma das puntuacións obtidas na totalidade dos exercicios e na fase de concurso de méritos.

Finalizadas as probas selectivas o tribunal fará pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, a relación definitiva das persoas aspirantes aprobadas indicando o seu D.N.I./N.I.E e pola orde da puntuación obtida. Esta relación presentarase ao Alcalde coa proposta de nomeamento da persoa candidata para o nomeamento de funcionaria/o.

Os tribunais non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

DÉCIMO CUARTA. Presentación de documentos

A persoa aspirante proposta presentará no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados, no rexistro xeral do Concello os documentos seguintes:

1) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

2) Declaración de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial (modelo Anexo III).

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

3) Declaración responsable de non encontrarse incursa en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión (modelo Anexo III).

4) Fotocopia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar afiliada).

A persoa aspirante que faga valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes da Administración titular da competencia nesta materia, que acredite tal condición e igualmente deberá presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Anuncio publicado en: Num BOP 50 año 2020 (02/03/2020 08:00:00)

Quen tivese a condición de funcionario público de carreira non terá que xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, unicamente deberá presentar certificación da Administración Pública da que dependese que acredite tal condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 5 , non poderán ser nomeados persoal funcionario e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

DÉCIMO QUINTA. Nomeamento e toma de posesión

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación pola persoa interesada, o Sr. Alcalde efectuará o nomeamento, a favor da candidatura proposta, como funcionaria/o de carreira.

O nomeamento deberá ser notificado á persoa interesada, a cal deberá tomar posesión dentro do prazo máximo dun mes contado desde o día da data de notificación.

No acto de toma de posesión, o persoal funcionario nomeado deberá prestar xuramento ou promesa de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade conforme ao disposto pola Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

DÉCIMO SEXTA. Impugnación

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven desta poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma estabelecidas na lexislación vixente.

ANEXO I

Tema 1.—A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. Principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos españois. O recurso de amparo.

Tema 2.—A organización municipal. O Alcalde: atribucións. O Pleno: atribucións. A Xunta de Goberno Local: atribucións.

Tema 3.—O acto administrativo: Concepto. Motivación e notificación dos actos administrativos. Eficacia. Executividade. Suspensión. Validez e invalidez do acto administrativo. A diferencia entre acto administrativo e Regulamento.

Tema 4.—O Procedemento administrativo. Principios xerais do procedemento administrativo. Cómputo de prazos. Fases do procedemento administrativo.

Tema 5.- Recursos Administratrivos: Obxecto e clases. Recurso extraordinario de revisión. Recurso potestativo de reposición. Recurso de alzada.

Tema 6.—Impostos, taxas e prezos públicos municipais.

Tema 7.—Lei 43/2010, de 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal: obxecto e ámbito de aplicación da lei. Natureza e réxime de prestación dos servizos postais. Rede postal. Servizos excluídos.

Tema 8.—O servizo postal universal: concepto de ámbito. Principios e requisitos da prestación do servizo postal universal.

Tema 9.—Prevención de riscos laborais: prevención de accidentes, elementos de seguridade, plans de emerxencia e evacuación.

Tema 10.- Regulamento xeral de condutores (I): O permiso e a licenza de condución. Competencia para expedir os permisos e as licenzas de condución. Deberes dos titulares dun permiso ou dunha licenza de condución.

Tema 11.- Regulamento xeral de condutores (II): Clases de licenza de condución e idade requirida para obtela. Requisitos para obter un permiso ou unha licenza de condución.

Anuncio publicado en: Num BOP 50 año 2020 (02/03/2020 08:00:00)

ANEXO II

D./D.ª .....,

titular do D.N.I./NIE núm. ....., e con enderezo a efectos de notificacións en

.....

....., Código Postal....., teléfono.....,

e correo electrónico.....

EXPOÑO

· Que solicito ser admitido/a ás probas do proceso selectivo mediante concurso-oposición correspondente a unha praza de _____de acordo coa convocatoria publicada no B.O.P. .....

· Declaro coñece-las bases reguladoras desta convocatoria.

· Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na Base 5 desta convocatoria referidos á data de remate do prazo sinalado para a presentación de instancias.

· Que achego a esta solicitude, de acordo co previsto nas Base 7 desta convocatoria, a documentación seguinte:

_____
_____
_____
_____

. Que ___ si _____ non aporto a seguinte relación de méritos, para que sexan computados na fase de concurso.

. Que acompaño o pago das tasas.

. Que ___ si ____ non teño certificado de discapacidade e ____si ____non necesito adaptación para a realización das probas do exame.

Sobre a base do exposto

SOLICITO

A miña admisión no proceso de selección para o acceso ás probas do proceso selectivo mencionado no expoñendo primeiro.

O Vicedo, ... de ..... de 2020

(Sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO

Anuncio publicado en: Num BOP 50 año 2020 (02/03/2020 08:00:00)

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DON.....

con DNI nº ..... e enderzo.....

.....

DECLARO: Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto, e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, non meu Estado, non mesmos termos, o acceso ao emprego público.

O Vicedo, ... de ..... de 2020

(Sinatura)

Anuncio publicado en: Num BOP 50 año 2020 (02/03/2020 08:00:00)

R. 0471

Anuncio

Por resolución da Alcaldía de 26 de febreiro de 2020 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante concurso oposición, dun axente TIC, a xornada parcial (20 horas /semana), como persoal laboral temporal do Concello do Vicedo para a aula CEMIT do Vicedo.

O prazo para a presentación de solicitudes é de dez días naturais, o cal se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán retirar copia das bases no rexistro xeral do Concello do Vicedo, no blog de emprego do Concello no seguinte enderezo: empregovicedo.blogspot.com. ou na páxina web do Concello: www.concellodovicedo.org

O Vicedo, 26 de febreiro de 2020.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez

R. 0480

XOVE

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o Proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2.020, en sesión ordinaria celebrada o vinteún de febreiro de 2020, e documentación que se acompaña, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, exponse ao público na Intervención deste Concello, por prazo de quince días hábiles- que empezará a contarse desde o seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o mesmo podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Xove, 21 de febreiro de 2020.- José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0472

Anuncio publicado en: Num BOP 50 año 2020 (02/03/2020 08:00:00)